

Regulamento de Réxime Interno do IES Xosé Neira Vilas.

Preámbulo:

Co obxectivo de fixar as NORMAS DE CONVIVENCIA do noso centro e adaptalas ao Decreto que regula os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros (R.D. 732/1995, de 5 de maio) e o Decreto que aproba o Regulamento orgánico dos institutos de ensino secundario dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (Decreto 324/1996, do 26 de xullo), elabórase o presente regulamento, que será de aplicación no recinto escolar e nas actividades desenvolvidas fóra del (excursións, visitas, competicións deportivas, intercambios, etc.). Todos os membros da comunidade educativa comprometémonos pois a cumprir e facer cumprir o presente Regulamento. Na súa elaboración tivéronse en conta as normas explícitas e tácitas existentes ata agora e que veñen funcionando con eficacia nos últimos cursos, tratando de incorporar aquelas que permitan que o alumnado de primeiro ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria poida participar en todas as actividades do Instituto. O principio básico que rexe a vida do Instituto é o respecto que todos os membros da comunidade educativa temos para cos demais.

Normas xerais:

Artigo 1º.- O horario xeral do instituto, no que se desenvolverán as actividades lectivas, complementarias e extraescolares a realizar co alumnado será dende as 8:00 horas ata as 14.30 horas todos os días lectivos, e de 16.00 horas a 18:30 horas as tardes fixadas na programación de cada curso.

Artigo 2º.- Os días lectivos, os alumnos poderán acceder á aula correspondente dende 10 minutos antes do inicio da actividade, non debendo permanecer na porta nin nos corredores.

Artigo 3º.- As actividades obrigatorias para o desenvolvemento e avaliación dos currículos das distintas áreas ou asignaturas realizaranse dentro do horario lectivo, e fóra del cando exista acordo entre profesores e alumnos, sempre dentro do horario xeral establecido no artigo 1º.

Artigo 4º.- Como norma xeral, non se permitirá a entrada na aula despois de iniciada a clase.

Artigo 5º.- Durante as horas de clase os alumnos non poderán permanecer nos corredores do instituto.

Artigo 6º.- En ausencia dun profesor a unha actividade lectiva os alumnos permanecerán na aula á espera do profesor de garda.

Artigo 7º.- Todos os membros da Comunidade e Educativa están obrigados a velar pola adecuada utilización e conservación do material, equipamentos e dependencias do instituto.

Artigo 8º.- No recinto do Instituto (edificio, patios, pistas de deportes, aparcamento, etc.) evitárase todo tipo de actuacións que resulten molestas para a normal realización das actividades académicas, ou aquelas que poidan ser perigosas para a integridade física das persoas, ou poidan causar deterioros en instalacións, xardíns, vehículos, etc.

Artigo 9º.- En aplicación do artigo 7º da Lei 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, subministro, ou consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, queda prohibido o consumo de tabaco no IES. Sen

prexuízo das sancións contempladas na citada lei, o incumprimento desta norma será considerado unha falta grave.

Artigo 10º.- O director do centro é o órgano competente para resolver os conflitos e impoñer todas as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos das que informará ao Consello Escolar e, no seu caso, á Comisión de Convivencia. O Consello Escolar ten a atribución de coñecer a resolución dos conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar porque estas se atean á normativa vixente.

Artigo 11º.- O Consello Escolar poderá formar unha Comisión de Convivencia, composta por un profesor, un alumno, un pai ou titor legal dun alumno o Xefe de Estudos, e o Director que actuará como presidente da mesma.

A Comisión de Convivencia terá como funcións:

- a) Mediar nos conflitos que se produzan entre os membros da comunidade educativa.
- b) Propoñer a todos os membros da Comunidade Educativa, ou a todos os órganos regulamentariamente establecidos, a adopción de medidas e estratexias que axuden o cumprimento das presentes normas.
- c) Canalizar as iniciativas de todos os sectores da Comunidade Educativa para mellorar a convivencia, o respecto mutuo e a tolerancia.
- d) Informar ao Consello Escolar do Instituto das resolucións e propostas acordadas.

Normas específicas:

A) DO ALUMNADO.

Artigo 12º.- Os alumnos teñen recoñecidos os dereitos que figuran no Título II, Artigos do 10 ao 34 do R.D. 732/1995, do 5 de maio. (BOE 02/05/95). Achégase como Anexo I.

Artigo 13º.- En desenvolvemento do artigo 29 do R.D. 732/1995, do 5 de maio, os alumnos poderán reunirse na sala de actos do Instituto nos períodos de lecer e en horario de apertura do Centro que non coincida con actividade lectiva, previa comunicación á dirección con antelación suficiente, na que deberán figurar os alumnos que se van reunir e os responsables da convocatoria.

Artigo 14º.- Os alumnos de ensino postobrigatorio poderán saír do Instituto na derradeira hora lectiva da mañá ou da tarde sempre que faltase o profesor correspondente co consentimento do profesor de garda.

Artigo 15º.- O deber máis importante do alumnado é o de aproveitar positivamente o posto escolar que a sociedade pon a súa disposición. Por iso, o interese por aprender e a asistencia a clase, é dicir, o deber do estudo é a consecuencia do dereito fundamental á educación.

Artigo 16º.- Os alumnos teñen os deberes que figuran no Título III, Artigos do 35 ao 40 do R.D. 732/1995, do 5 de maio. (BOE 02/05/95). Achégase como Anexo II.

Artigo 17º.- En desenvolvemento do Artigo 41 do R.D. 732/1995, do 5 de maio, os alumnos deberán:

- a) Levanta-la cadeira e deixala enriba do pupitre ao rematar a derradeira clase do día.
- b) Transitar polos corredores e as aulas sen correr nin xogar.
- c) Seguir en todo momentos as instrucións do profesorado e dos conserxes do Instituto.
- d) Xogar só nas pistas deportivas ou patios cubertos. Os xogos non poderán ser violentos nin causar dano ás persoas, vehículos ou instalacións.

Artigo 18º.- Sempre que o estado de sucidade dunha aula (chan, paredes, pupitres, cadeiras, estanterías, etc) sexa imputable a un uso indebido da mesma, esta permanecerá sen limpar ata que os usuarios habituais a volvan ao seu estado inicial.

Artigo 19º.- Os alumnos non poderán usar móbiles, cámaras nin outros medios de gravación de voz ou imaxes en todo o recinto do centro, incluíndo as zonas exteriores e as actividades complementarias. Estes dispositivos estarán gardados, desactivados e fóra da vista en todo momento. En casos excepcionais poderán ser utilizados coa aprobación e a supervisión dun profesor.

Artigo 20º.- Os alumnos usarán debidamente as instalacións e o material do centro, e de maneira especial a aula que teñan asignada –sendo responsables solidarios dos desperfectos que se produzan na mesma-, os aseos do alumnado así como os espazos exteriores.

B) DO PROFESORADO.

Artigo 21º.- O profesorado exercerá as súas funcións de conformidade co establecido na Lei da Función Pública de Galiza, a Lei para a Reforma da Función Pública, Regulamento Orgánico dos Centros de Ensino Secundario e demais lexislación vixente.

Artigo 22º.- O nomeamento dos profesores titores dos distintos grupos, farase segundo o establecido no Artigo 58 do decreto 234/1996, do 26 de xullo. Todos os profesores do instituto poderán ser nomeados titores, aínda que exerzan outro cargo.

Artigo 23º.- As funcións de cada titor serán as especificadas no artigo 59 do decreto 234/1996 de 26 de xullo.

Artigo 24º.- As amoestacións por faltas de asistencia dos alumnos serán comunicadas pola Xefatura de Estudos aos pais ou titores legais dos alumnos, a instancia do correspondente titor.

Artigo 25º.- A xustificación das faltas dos alumnos corresponde ao profesor titor.

C) DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS.

Artigo 26º.- Exercerán as súas funcións de conformidade co establecido na Lei da Función Pública de Galicia, Lei para a Reforma de la Función Pública, LOXSE, Convenio Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galiza e demais disposicións vixentes.

Artigo 27º.- Son funcións do persoal de administración as especificadas na disposición adicional primeira da Lei 4/88 da Función Pública de Galiza no seu punto 4. Son funcións do persoal subalterno as especificadas no artigo 3 do decreto 3143/1971 de 16-12-71 e na Lei 4/88 do 26 de maio da Función Pública de Galiza na disposición adicional primeira punto 5. Son funcións do persoal de limpeza as especificadas no convenio laboral único da Xunta de Galicia.

D) DOS PAIS E TITORES LEGAIS DOS ALUMNOS.

Artigo 28º.- Deberán canalizar as súas propostas e inquiredanzas a través dos seus representantes no Consello Escolar.

Artigo 29º.- Deberán coñecer o presente regulamento e colaborarán co equipo docente do Instituto no cumprimento do mesmo por parte dos seus fillos así como da totalidade do alumnado.

Artigo 30º.- Os pais ou titores legais dos alumnos teñen dereito a ser informados das cuestións académicas e disciplinarias que afecten ao seu fillo, debendo canalizar a través do correspondente profesor titor as entrevistas cos seus profesores.

Artigo 31º.- Os pais ou titores legais dos alumnos poderán utilizar as instalacións do Instituto para as súas reunións ou actividades, debendo facer a correspondente solicitude á dirección. O horario de realización das mesmas tratará de axustarse ao horario xeral do Instituto.

E) DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

Artigo 32º.- Durante a súa celebración rexerán as normas contidas no presente regulamento.

Artigo 33º.- Os alumnos que participen nas actividades extraescolares ou complementarias que se realicen polas distintas asociacións de pais de alumnos serán acompañados polos pais ou titores legais na proporción dun pai, ou profesor por cada vinte alumnos.

F) DO USO DA BIBLIOTECA.

Artigo 34º.- O horario de apertura da biblioteca elaborárase cada curso académico, e estará en función da dispoñibilidade de profesorado para poder atendela.

Artigo 35º.- Todos os libros ou publicacións do Instituto serán susceptibles de préstamo a calquera alumno, profesor ou persoal de administración e servizos, independentemente de cal sexa a ubicación física do mesmo, agás os que figuran no artigo 37.

Artigo 36º.- Os libros prestaranse por un período de oito días, renovable unicamente por outros oito.

Artigo 37º.- Dos libros ubicados no edificio non se poden retirar para usar fóra dela os dicionarios, enciclopedias, libros de texto, revistas e libros de orientación.

Artigo 38º.- Os alumnos non poderán retirar os libros sen o consentimento da persoa encargada, debendo cubrir as fichas correspondentes ao préstamo, previa presentación do carné escolar.

Artigo 39º.- O uso da sala de lectura da biblioteca obriga a permanecer en silencio para non perturbar o traballo dos demais usuarios, así como a non comer nin beber na mesma.

G) DO PROGRAMA DE LIBROS DE TEXTO GRATUITOS.

Artigo 40º.- O centro queda como propietario dos libros adquiridos no programa de gratuidade de libros de texto para a ESO, e encargarase de realizar o préstamo aos alumnos beneficiarios do programa.

Artigo 41º.- Os alumnos quedan obrigados a conservar en perfecto estado os libros de texto entregados e a devolvelos nas datas que se determinen ao termino de cada curso escolar.

Artigo 42º.- Se un alumno estraga os libros, os extravía ou non os entrega ao final do curso, o centro requirirá aos pais para que repoñan os libros ou procedan ao pagamento do seu importe.

Se non o fixeran, o alumno quedará excluído do programa para os sucesivos cursos escolares e incorrerá nunha falta grave, que será sancionada segundo contempla o presente regulamento.

H) DO USO DA CAFETERÍA.

Artigo 43º.- Na cafetería do Instituto rexerán todas as normas establecidas no presente regulamento, debendo os usuarios da mesma respectalas e facelas cumprir coma nas demais dependencias do Instituto.

Artigo 44º.- O horario de apertura da cafetería será o que figura no artigo 1º.

Artigo 45º.- En todo momento os usuarios e as persoas encargadas do servizo evitarán que poida producirse calquera tipo de discusión ou altercado.

Artigo 46º.- De xurdir algún conflito entre usuarios o adxudicatario da cafetería ou as persoas que presten servizo nela, poderán impor aos implicados no mesmo o abandono do recinto, debendo comunicar o sucedido ao Director, que resolverá segundo a gravidade dos feitos.

Artigo 47º.- O Consello Escolar do Instituto resérvase o dereito de admisión na cafetería, podendo impor restricións sobre o seu uso aos membros da comunidade escolar.

Artigo 48º.- O alumnado non poderá permanecer na cafetería en horas de clase.

I) DAS FALTAS E DAS SANCIÓNS O ALUMNADO.

Artigo 49º.- Os deberes do alumnado necesitan unha concreción en canto o tipo de sancións ou correccións que se deben impor a condutas contrarias ás normas aquí establecidas, por iso é de aplicación o disposto no Título IV do R.D. 732/1995, do 5 de maio.

Artigo 50º.- En canto ás faltas de asistencia a clase, o coñecemento das mesmas por parte dos pais ou titores legais dos alumnos non significa que as mesmas estean xustificadas.

Artigo 51º.- Corresponde ao titor do alumno a xustificación das faltas de asistencia.

Artigo 52º.- Os pais ou titores legais dos alumnos deberán poñer en coñecemento do titor, coa suficiente antelación, as faltas a clase previstas do seu fillo. No caso de faltas imprevistas e xustificables deberán comunicalo á maior brevidade posible, non deixando transcorrer máis de cinco días dende a incorporación de novo ás clases do alumno afectado.

Artigo 53º.- No desenvolvemento do Artigo 44.2 do R.D. 732/1995, de 5 de maio, establécese que un alumno con tres apercibimentos por faltas de asistencia a clase nunha asignatura, non poderá ser avaliado cos criterios xerais de avaliación establecidos nin mediante unha avaliación continua, debendo avaliarse o seu rendemento mediante unha proba extraordinaria a celebrar no mes de xuño.

Artigo 54º.- O número de faltas de asistencia non xustificadas que darán lugar a un apercibimento escrito serán de:

a) Catro faltas a asignaturas de dúas sesións semanais.

b) Seis faltas a asignaturas de tres sesións semanais.

c) Oito faltas a asignaturas de catro sesións semanais.

d) Vinte faltas entre tódalas asignaturas.

Artigo 55º.- A aplicación do disposto no artigo anterior será realizado a petición do profesor da asignatura, do titor do alumno ou do Xefe de Estudos, previa comunicación entre os tres.

Artigo 56º.- A comunicación da imposibilidade dunha aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación continua corresponde ao Consello Escolar do Instituto que deberá transmitilo aos pais ou titores legais dos alumnos afectados, independentemente da idade dos mesmos.

Artigo 57º.- Os alumnos de bacharelato e ciclos formativos, e os alumnos da ESO maiores de 16 anos, que acumulen tres apercibimentos escritos por falta de asistencia perderán o seu dereito á escolaridade, debendo ser avaliados cunha proba extraordinaria no mes de xuño.

Artigo 58º.- Os profesores poderán sancionar a un alumno coa comparecencia inmediata ante o Xefe de Estudos, (Art. 48 b do R.D. 732/1995) debendo cumprimentar a correspondente comunicación escrita.

Artigo 59º.- O número de comparecencias ante o Xefe de Estudos que darán lugar a un apercibimento escrito será de:

- a) *Dúas, se son impostas polo mesmo profesor*
- b) *Tres, se son impostas por distintos profesores.*

Artigo 60º.- En caso de acumulación de dous apercibimentos dos establecidos no artigo 54, o alumno será sancionado coa suspensión do dereito de asistencia a clase durante tres días na asignatura na que se produciron os apercibimentos ou a todas as asignaturas, se son impostas por distintos profesores.

Nos días de suspensión, o alumno realizará as tarefas encomendadas, que forman parte da sanción. De non ser así incorrerá nunca falta considerada gravemente prexudicial para a convivencia no centro (Art. 52.h do R.D. 732/1995)

Artigo 61º.- Os pais ou titores legais dos alumnos maiores de idade recibirán copia das comunicacións das correccións impostas aos seus fillos, salvo renuncia expresa por escrito na secretaría do Instituto.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Primeira.- As amoestacións comunicadas ao alumnado dende principio de curso co anterior regulamento de réxime interno, terán o mesmo valor e computaranse xunto coas comunicadas a partir da aprobación do presente regulamento.

NORMAS FINAIS

Primeira.- Queda derogado o anterior Regulamento de Réxime Interno.

Segunda.- Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello Escolar do Instituto.

Terceira.- A dirección do centro está obrigada a entregar copia do mesmo a cada un dos membros da comunidade educativa no momento da súa aprobación.

Cuarta.- A dirección do centro entregará un exemplar a cada alumno que se matricule por vez primeira no Instituto.